

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) Tramitación: ordinaria.
- b) Procedemento: aberto.
- c) Forma: pluralidade de criterios.

4. Orzamento base de licitación. Importe máximo de licitación.

Importe: 164.250 euros.

IVE (18%): 29.565 euros.

Total: 193.815 euros.

5. Adxudicación definitiva.

a) Data: 16 de novembro de 2010.

b) Contratista: *Ednon, S.L.*

c) Nacionalidade: española.

d) Importe de adxudicación:

Importe: 139.500 euros.

IVE (18%): 25.110 euros.

Total: 164.610 euros.

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2010.

M. Mauro Fernández Dabouza

Director xeral do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable

PORTOS DE GALICIA

Resolución do 2 de decembro de 2010 pola que se modifica a Resolución do 19 de novembro de 2010 pola que se anuncia a licitación, mediante procedemento aberto e sistema multicriterio, tramitación ordinaria e expediente anticipado de gasto, para a adxudicación dos contratos non suxeitos a regulación harmonizada, de execución das obras que se citan. (Expediente PO-13-07-10-01 e PO-13-05-10-02).

Advertidos erros cometidos no anuncio publicado no *Diario Oficial de Galicia*, número 228, do 26 de novembro de 2010, e no cadro de características publicado no perfil de contratante relativos a unha das obras da resolución de licitación, concretamente a obra da comporta de regulación hidráulica no porto de Tragove (Cambados-Pontevedra), cómpre efectuar as seguintes rectificacións:

-Na 2ª columna da páxina 19.662, no punto 2. A) Descrición do obxecto: comporta de regulación hidráulica no porto de Tragove (Cambados-Pontevedra), onde di: «-Orzamento base de licitación: catrocentos trinta e un mil setecentos corenta euros con

sete céntimos (431.740,07 €)»: debe dicir: «-Orzamento base de licitación: catrocentos trinta e catro mil douscentos trinta e nove euros con sete céntimos (434.239,07 €)».

-Na 2ª columna da páxina 19.662, no punto 2. A) Descrición do obxecto: comporta de regulación hidráulica no porto de Tragove (Cambados-Pontevedra), onde di: «-Importe do IVE (18%): 77.713,21 euros», debe dicir: «-Importe do IVE (18%): 78.163,03 euros».

-Na 1ª columna da páxina 19.663, no punto 2. A) Descrición do obxecto: comporta de regulación hidráulica no porto de Tragove (Cambados-Pontevedra), onde di: «-Clasificación: C-7-d-, debe dicir: -Clasificación: E-7-d».

-Prazo de presentación de proposicións:

Á vista do anterior, ábrese un novo prazo de presentación de ofertas para participar na licitación convocada para adxudicar, mediante procedemento aberto e sistema multicriterio, a obra da comporta de regulación hidráulica no porto de Tragove (Cambados-Pontevedra), que rematará ás catorce (14.00) horas do vixésimo sexto (26º) día natural seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

No caso de que o mencionado día coincida en sábado ou festivo, o prazo de admisión das proposicións rematará ás catorce (14.00) horas do primeiro día hábil seguinte.

-Data de apertura de proposicións: a apertura pública das ofertas (sobre B) levarase a cabo nun prazo non superior a sete días contado desde a apertura da documentación administrativa do sobre A. No caso de que ese día coincida en sábado ou festivo, a apertura realizarase o primeiro día hábil seguinte.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2010.

José Manuel Álvarez-Campana Gallo
Presidente de Portos de Galicia

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 19 de novembro de 2010 pola que se fan públicas as adxudicacións correspondentes aos expedientes que se citan.

De conformidade co disposto no artigo 138 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, este reitor resolve facer público o resultado das adxudicacións dos expedientes que se mencionan a continuación.